

CONCELLOS A FONSGRADA

Anuncio

BASES PARA A CONTRATACIÓN CON CARACTER TEMPORAL DUN/DUNHA MONITOR/A SOCIOCULTURAL E DE TURISMO

Por Decreto de Alcaldía de data 05 de decembro de 2019 aprobáronse as bases para a contratación temporal dun/dunha monitor/a sociocultural e de turismo.

Duración do contrato: Desde a súa formalización ata o 31/12/2020

Horario: A fixar polos órganos de goberno tendo en conta o horario de apertura da Oficina de Turismo.

Sistema selectivo: Concurso - oposición

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello da Fonsagrada no prazo de sete días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio. Se o último día coincidise en inhábil o prazo quedará prorrogado ata o seguinte día hábil. No caso de presentarse a solicitude en rexistro distinto ao do Concello da Fonsagrada deberá adiantarse por fax copia da instancia dentro do prazo de presentación das instancias.

Taxas por dereitos de exame: 15 € a ingresar na conta do Concello nº ES12 2080 0118 4331 1000 0028 (achegar coa solicitude o xustificante de pagamento).

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello da Fonsagrada (www.afonsagrada.org).

A Fonsagrada, 5 de decembro de 2019.- O alcalde, Carlos López López.

R. 3728

LUGO

Anuncio

Por medio do presente anuncio faise público que unha vez levado a cabo o trámite da exposición pública: APROBACIÓN "INICIAL" DOS NOVOS ESTATUTOS DA FUNDACIÓN ROF CODINA polo Excmo. Concello Pleno (Acordo 5/94 do 29 de xullo de 2019), e vistos informes do responsable do Taboleiro de edictos municipal e da Xefa do negociado do Rexistro municipal, ao non haberse presentado alegacións nin reclamación algunha, conforme o establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, resulta definitivamente aprobado o expediente, o cal faise público no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento.

Lugo, 4 de decembro de 2019.- A Excmo. Alcaldesa do Concello de Lugo, Dona Lara Méndez López.

R. 3729

MEIRA

Anuncio

Por Resolución da alcaldía de data 9 de decembro de 2019, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiros, lixo e canon de auga da Xunta, correspondente o 5º. bimestre do exercicio 2019, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 10 de decembro de 2019 ao 10 de febreiro de 2020.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a éste, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interponerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.